



O SUBSTANTIVO



1. Forma o plural dos seguintes nomes:

pinguín pingüíns	ollomol ollomoles	xirasol xirasoles
luns os luns	mércores os mércores	coñac coñacs
iceberg icebergs	búmerang búmerangs	mamut mamuts
robot robots	fax os fax	smóking smóking
médium médiums	crómlech crómlechs	rosbif rosbifs
clip clips	peixe espada peixes espada	til tiles
porco bravo porcos bravos	arco da vella arcos da vella	estrela fugaz estrelas fugaces
albanel albaneis	xiz xices	circunstancial circunstanciais
alcol alcois	lapis os lapis	réptil réptiles
chuchamel chuchameles	ilegal ilegais	rañaceos os rañaceos
cartafoi cartafoles	caracol caracois	club clubs
andel andeis	compás compases	dócil dóciles
baúl baúis	tiracroios os tiracroios	cóxegas as cóxegas
curral currais	dolmen dolmens	slogan slogans
mitin mitins	bíceps os bíceps	estéril estériles
atlas os atlas	xel xeles	esquí esquís
casual casuais	parasol parasoles	revés reveses

2. Pon en singular:

baúis baúl	clubs club	xabarís xabaril
caracois caracol	sabas saba	inimigos inimigo
cadris cadril	compases compás	esquíos esquí
mísiles mísil	sutís sutil	arroaces arroaz
bedeis bedel	avais aval	dedais dedal





3. Nesta lista mesturáronse nomes individuais e colectivos. Copia os individuais en columna e escribe ao lado o colectivo correspondente:

ILLA
MOBILIARIO
MÚSICO
PIÑEIRO
MOZO
AREA
PIÑEIRAL
CLIENTE
ARQUIPÉLAGO
ORQUESTRA
SOUTO
MOCIDADE
AREAL
CASTIÑEIRO
CLIENTELA
MOBLE
OVELLA
CORO
CANTANTE
RABAÑO

INDIVIDUAIS

COLECTIVOS

